

## DOCENCIA ABERTA\_OPEN TEACHING

<i>Coordinador/a:</i>	<i>Xosé María Mahou Lago</i>
<i>Participantes:</i>	<i>Sonia Álvarez López</i> <i>Óscar Briones Gamarra</i> <i>Celso Cancela Outeda</i> <i>Héctor Carlos Castro Rey</i> <i>Constantino Cordal Rodríguez</i> <i>Ana Isabel Dopico Parada</i> <i>Antón Lois Fernández Álvarez</i> <i>Pedro Froilán Figueroa Dorrego</i> <i>Adela García-Pintos Escuder</i> <i>Álvaro Xosé López Mira</i> <i>Mónica López Viso</i> <i>Fernando Martínez Arribas</i> <i>Rosa María Ricoy Casas</i> <i>Argimiro Rojo Salgado</i> <i>Enrique José Varela Álvarez</i> <i>Juan José Vidal Puga</i>

### Liñas de actuacións

---

A posta en marcha do Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional (curso 2011-12) e da modalidade semipresencial do Grao en Dirección e Xestión Pública (curso 2014-15) estalles permitindo ao profesorado e demais persoal implicado acumular unha rica experiencia tanto na organización dun título en liña como no deseño de recursos e-learning no contorno da plataforma Moodle. Á vez que se foi consolidando este proceso, as complexidades derivadas da práctica docente e as singularidades organizativas propias deste tipo de formación con respecto da estrutura universitaria tradicional, fixeron xurdir entre o profesorado e a coordinación académica unha rede informal de reflexión ao redor daquelas iniciativas máis axeitadas para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe ao tempo que se buscar confrontar o traballo desenvolvido con outras experiencias de éxito dentro e fóra da Universidade de Vigo.

Neste contexto xorde a necesidade de crear un grupo permanente de estudo sobre innovación docente que denominamos Docencia aberta\_OpenTeaching e cuxo eixo de reflexión parte da idea básica de que todo proceso de ensino-aprendizaxe en liña debe formar parte dun sistema aberto

cuxo funcionamento debe estar fundamentado na multidisciplinabilidade, en canto á busca de solucións, e na fluidez e comportamento sinérxico, en canto á interacción entre os diversos elementos e actores que conforman a estrutura organizativa universitaria.

Neste sentido, recoñecer o carácter sistémico do ensino-aprendizaxe virtual é indispensable para a posta en marcha dunha titulación en liña e pódenos proporcionar as ferramentas analíticas que nos permitan comprender o seu funcionamento a elaborar, ao mesmo tempo, protocolos de actuación que axuden aos ámbitos administrativo e docente da Universidade de Vigo no desempeño das súas tarefas. A comunidade universitaria precisa deste tipo de instrumentos que poden ademais axudar a identificar oportunidades de mellora no sistema tanto para elaborar recursos e materiais innovadores como para buscar unha maior coordinación entre os servizos e áreas de xestión universitaria. Partimos do convencemento de que este tipo de ensino non só fortalecerá ao conxunto do SUG e, xa que logo, a Universidade de Vigo podería ser pioneira, senón que, probablemente, sexa a modalidade maioritaria das institucións de ensino superior nun prazo non demasiado longo.

## Obxectivos

---

En consonancia co noso nome, o obxectivo principal do grupo *Docencia aberta\_ open Teaching* é formalizar un espazo de reflexión entre os seus membros e o resto da comunidade universitaria sobre o proceso de ensino-aprendizaxe. En concreto os nosos obxectivos son os seguintes:

- Desde o punto de vista da práctica investigadora:
  - o Consolidar unha liña de investigación sobre o ensino-aprendizaxe en liña entendida como un proceso inserido nunha estrutura organizativa que constitúa un sistema aberto, multidisciplinar e interactivo.
  - o Presentarse como grupo recoñecido pola Universidade de Vigo ás convocatorias competitivas de proxectos de investigación sobre innovación docente.
- Desde o punto de vista da aplicación do coñecemento e experiencia:
  - o Contribuír á mellora continua do proceso de ensino-aprendizaxe do Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional e do Grao en Dirección e Xestión Pública.

Trasladar a nosa experiencia docente e investigadora a outras titulacións en liña/semipresenciais ou que pretendan iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe en liña a través da organización de eventos e participación en foros.

## Plan de traballo

---

Para acadar estes obxectivos propomos as seguintes actividades para o ano 2016 e 2017 cuxo cumprimento dependerá tanto da aceptación por parte da organización dos congresos como dos recursos que consiga o grupo para financiarlas.

- Asistencia a congresos. Ao longo do ano 2016 vanse desenvolver unha serie de congresos de innovación docente. O grupo pretende presentar un relatorio sobre os mecanismos de coordinación/dirección de mestrados baixo a modalidade en liña nalgún destes congresos:
  - o XIII Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade de Investigación e da Educación Superior (FECIES) entre o 30 de xuño e o 2 de xullo.
  - o Congreso Nacional de Innovación Educativa e de Docencia na Rede (IN-REC) entre o 7 e 8 de xullo.
  - o XIX Congreso Internacional EDUTEC entre o 9 e 11 de novembro.
- Organización do Curso sobre deseño e implantación dunha titulación en liña. Este curso está orientado a trasladar a experiencia do profesorado e da coordinación do Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional á comunidade universitaria. Nun programa formativo presencial e en liña de 12 horas de duración dirixido tanto a PDI e PAS, as persoas responsables académicas do título e unha representación do profesorado compartirán a súa experiencia de xestión e docencia incidindo nas principais ferramentas e recursos da plataforma Moodle que utilizan, na elaboración de materiais e organización de contidos, nas pautas de comunicación co alumnado e nas claves para dinamizar materiais a distancia.
- Organización da Xornada sobre Boas Prácticas do Ensino en liña. Esta xornada pretende reunir os casos de maior éxito do ensino en liña na universidade pública española baixo un programa que xirará en torno a tres eixos: a xestión académica de títulos en liña, deseño e virtualización de materias e novas tendencias do ensino-aprendizaxe en liña.